

## **INSTRUCCIÓN SOBRE A UTILIZACIÓN DE HOTEIS POR PARTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarouse a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activouse o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Esta situación obrigou a adoptar medidas disruptivas tales como a restrición de movementos ou o confinamento, aínda que se garante o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

O 19 de marzo de 2020 publícase no BOE número 75 a Orde SND/257/2020, do 19 de marzo, pola que se declara a suspensión de apertura ao público de establecementos de aloxamento turístico, de acordo co artigo 10.6 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A citada orde establece a suspensión de apertura ao público de todos os hoteis e aloxamentos similares, aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadaía, cámpings, aparcadoiros de caravanas e outros establecementos similares, localizados en calquera parte do territorio nacional.

No Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), do 21 de marzo de 2020, establécense medidas para a aplicación da Orde SND/257/2020, entre as que se recolle que poderán permanecer abertos aqueles establecementos turísticos que sexan necesarios para o aloxamento do persoal traballador dos sectores estratéxicos e de

primeira necesidade definidos no artigo 18 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, así como para a acollida de colectivos que polas súas características presenten unha especial vulnerabilidade social.

Tendo en conta estas circunstancias, dítanse as seguintes

## INSTRUCCIÓNS

### **Primeira**

Permitirase a utilización de hoteis por parte dos profesionais dos centros sanitarios do Sergas, unha vez que finalicen a súa xornada de traballo, nos seguintes casos:

- Se se considera que deben manter, de modo preventivo, un afastamento dos familiares cos quen conviven que poidan presentar factores de risco.
- Se se valora que é conveniente que eviten desprazamentos ao seu lugar de residencia habitual ou ben se se trata de traballadores desprazados para prestar os seus servizos.
- Se precisan unhas condicións de illamento preventivo, polo posible contacto con algún caso diagnosticado COVID-19 ou por un diagnóstico COVID-19 que non se poida levar a cabo no seu domicilio habitual. Neste caso, será necesario informar expresamente o establecemento desta circunstancia para que poida adoptar as medidas preventivas que sexan necesarias.
- Naquelas outras circunstancias en que se considere aconsellable, como por exemplo para facilitar a organización de quendas na prestación do servizo.

No caso de que a dispoñibilidade de prazas non se poida priorizar de acordo cos criterios anteriores, poderase empregar como criterio o que corresponda coas unidades de maior intensidade na atención de persoas diagnosticadas COVID-19.

## **Segunda**

Esta alternativa poderá poñerse tamén á disposición dos traballadores e traballadoras das empresas contratistas que presten servizos en centros sanitarios, que será por conta destas.

Do mesmo xeito, este procedemento tamén poderá ser empregado polos traballadores e traballadoras dos centros sanitarios de carácter privado ou das residencias de maiores, públicas ou privadas, que será por conta destas.

## **Terceira**

A listaxe de aloxamentos dispoñibles para este fin actualizarase na páxina web <https://www.turismo.gal/covid19?langId=gl> ES.

Para a xestión de reservas e dúbidas sobre aloxamento, están dispoñibles o teléfono 986 447 060 e o enderezo [mice@abramar.com](mailto:mice@abramar.com), cunha central de reservas única, que será a encargada de dar soporte nestas semanas á demanda de aloxamento.

## **Cuarta**

Desde os centros do Sergas poderá establecerse un sistema para lles facilitar o trámite de facer a reserva correspondente aos traballadores que precisen deste soporte. Os custos deste aloxamento e, se é o caso, manutención, non deberán ser aboados polo traballador, agás os servizos extra que poida solicitar durante a súa estancia ou, de ser o caso, a cancelación de reservas sen a debida antelación ou xustificación.



Tendo en conta a oferta de establecementos que existen, as distintas áreas poderán establecer acordos sobre as condicións económicas do aloxamento.

### **Quinta**

No caso de que desde algún centro se poida levar a cabo unha actuación semellante noutras instalacións, as condicións para os traballadores deberán ser similares ás propostas nestas instrucións.

Santiago de Compostela, 25 de marzo do 2020



Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Xerente do Servizo Galego de Saúde